



Centro certificado  
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



## Acta da Xunta de Escola ordinaria do 4 de marzo de 2016

### Anexos:

- I. Convocatoria de Xunta de Escola do 04/03/2016.
- II. Asistentes á Xunta de Escola do 04/03/2016.
- III. Información sobre oficio enviado por a Secretaría Xeral co Asunto de "Alegacións ao cambio de denominación do centro".
- IV. Documento coas consideracións da Dirección para que sexan incorporadas ao expediente e sexan tidas en conta polo órgano competente ao redactar ás correspondentes respostas de alegacións e proposta de resolución da solicitude de cambio de denominación da ETSEM.
- V. Solicitude de Informe á Asesoría Xurídica sobre interpretación del DECRETO 161/2015 da Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado para a elaboración da PDA.
- VI. Encargo de docencia (PDA) do Grao de Enxeñaría de Recursos Mineiros e Enerxéticos e do Grao de Enxeñaría da Enerxía, para o curso académico 2015-2016.
- VII. Encargo de docencia (PDA) do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, para o curso académico 2016-2017.
- VIII. Encargo de docencia (PDA) do Máster en Xeoinformática, para o curso académico 2016-2017.
- IX. Normativa de Traballo Fin de Máster correspondente ao Máster Universitario en Enxeñaría de Minas.
- X. Memoria Económica e liquidación do orzamento do exercicio 2015.
- XI. Dossier Cartel des Mines 2016.
- XII. Candidaturas presentadas para a renovación da Comisión Permanente.

Ábrese a sesión ás 13 horas e 5 minutos, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección da E.T.S. de Enxeñaría de Minas, presidida polo Director, Don José Benito Vázquez Dorrío e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

### **1. Constitución nova Xunta de Escola.**

Logo das eleccións celebradas o pasado mes de decembro, renováronse os sectores "PDI sen vinculación permanente" e "Estudantes". A Dirección da a benvida ao alumnado e PDI incorporado á esta Xunta de Escola, logo da celebración das eleccións.



Constitúese a Xunta de Escola da E.T.S.E. de Minas para o curso 2015-2016 cos membros relacionados no parte de sinaturas que se achega como Anexo II a esta acta.

A Dirección agradece aos novos membros a participación neste órgano colexiado.

## **2. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebradas 11 de decembro de 2015.**

Envíouse por correo electrónico xunto coa convocatoria desta Xunta de Escola.

A Xunta de Escola aproba por asentimento a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 11 de decembro de 2015.

Unha vez aprobada será publicada definitivamente na sección de DESCARGAS ACTAS E GASTOS de acceso libre da web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=394,430,0,0,1,0>

## **3. Informe do Director.**

O Director informa:

- A Comisión de Calidade da Universidade de Vigo, constituída recentemente, na sesión do día 3 de decembro, acordou conceder o Selo de Calidade da Universidade de Vigo á ETSEM con motivo da certificación da implantación do seu Sistema de Garantía de Calidade (programa FIDES-AUDIT 07/10/2014). Recibiuse recentemente un certificado impreso, cuxa copia está situada no vestíbulo do módulo de Dirección da ETSEM, e o selo en formato dixital que xa foi incluído na documentación do Negociado e en diversos lugares visibles do centro.
- O 17 de decembro enviouse un correo ao profesorado co rogo de que aquel profesorado que, durante o desenvolvemento das Enquisas de Avaliación Docente no primeiro cuadrimestre, sufrira algún tipo de incidencia de acordo coa planificación realizada o comunicaran ao Negociado, detallando as deficiencias detectadas. Recibidas 25 incidencias en distintas materias enviouse un escrito á Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado co rogo de que se tomen nota das mesmas incidencias e as teñan en conta para as avaliacións afectadas e as futuras planificacións. A contestación recibida da Universidade de Vigo foi reenviada ao profesorado das materias en cuestión. Para o segundo cuadrimestre habilitouse na Secretaría Virtual a aplicación para a Planificación de Enquisas de Avaliación Docente, co obxecto de que o profesorado poida planificar de maneira persoal as enquisas das materias que imparte e determine a data e horario de realización que lle conviña. A realización das enquisas será do 7 de marzo a 6 de maio.



- A Dirección reuniuse o 17 de decembro co Director da Área de Normalización Lingüística (ANL) sabendo que a través do seu Plan de Política Lingüística expón unha serie de accións destinadas a dinamizar a lingua galega no ámbito universitario. Unha delas é a creación de Comisións de Normalización Lingüística (CNL) nos centros. Dende a Dirección pensouse que podía ser unha actividade de interese para a ETSEM e invitouse a todo o profesorado, alumnado e PAS a participar na mesma, responderon: (PDI) Carmen Pérez Pérez, Juan Ricoy Alonso e Ángeles Saavedra González; (ESTUDANTES) Manuel Fernández Martínez e Víctor Pérez Sanmamed; e (PAS) José Paz López (Área Económica do Ámbito Tecnolóxico). A CNL da ETSEM sería a primeira nun centro da UVigo semellante ás que xa existen na USC e UDC e preséntase para a súa aprobación nesta Xunta de Escola. Así mesmo a ANL incluíu no trámite dun convenio coa Xunta de Galicia a proposta da ETSEM para a “Elaboración do material para unha exposición itinerante sobre os recursos naturais de Galicia” cun orzamento 4000€ para ese fin. Tamén coa axuda da ANL a Dirección participou o 19 de xaneiro nunha xuntanza no Instituto Municipal de Educación do Concello de Vigo cos equipos de normalización dos centros públicos de Vigo co obxectivo de presentarles a oferta de divulgación do centro. A Dirección agradece a axuda recibida.
- Publicouse no apartado de GASTOS da web do centro, de acceso libre, a Execución do Presuposto do cuarto Trimestre do 2015 na ETSEM co listado pormenorizado de gastos realizado nos meses de outubro, novembro e decembro de 2015:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?aid=689>

calquera consulta ao respecto pode ser dirixida ao Negociado do centro [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es). No portal de transparencia da UVigo poden agora (actualizado a 11 de xaneiro de 2016) consultarse nos **Documentos económicos do exercicio 2015** os **contratos menores** do 4º trimestre de 2015 da UVigo que irán sendo actualizados no futuro. A intención última é converter ese portal nun instrumento do que están a chamar Open Government na Administración, e Open Data en xeral. Ofrecer a información en formatos cos que a xente que accede poda baixar os ficheiros e traballar con eles:

[http://www.uvigo.gal/uvigo\\_gl/transparencia/informacion-economica.html](http://www.uvigo.gal/uvigo_gl/transparencia/informacion-economica.html)

- A Dirección reuniuse o 12 xaneiro co director do Gabinete do Reitor, a petición súa, para coñecer o traballo que realiza o Gabinete e os obxectivos marcados pola Reitoría en materia de comunicación.
- Na Comisión Permanente do 16 de xaneiro aprobáronse doce saídas de campo para o segundo semestre, pódese consultar a información correspondente apartado da web:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=804>

Outras dúas saídas de campo tramítanse con posterioridade a través doutras CP. Recórdase que non se poderá realizar ningunha saída de campo que non fora previamente solicitada e autorizada polo centro.



Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



- O 27 de xaneiro publicouse a RR coas adxudicacións definitivas das bolsas de calidade dos centros, as solicitudes denegadas e a listaxe de agarda. No caso da ETSEM os bolseiros son: Antía Fernández Boga e Manuel Otero Jorge, quedan oito persoas en lista de agarda.
- O 28 de xaneiro a Dirección, en representación da ETSE de Minas, participou no acto de San Tomé de Aquino 2016 que se levou a cabo no Campus de Vigo. Tamén asistiu o Subdirector David Patiño Vilas. No mesmo foron entregados, entre outros, os Premios Extraordinarios Fin de Carreira nas Titulacións da ETSEM. A Dirección enviou unha carta de agradecemento aos centros de procedencia de bacharelato dos nosos premiados: IES Val do Tea de Pontearreas, IES Alexandre Bóveda de Vigo e IES Escolas Proval de Nigrán.
- Do 1 ao 20 de febreiro instalouse un servizo de destrución documental certificado no corredor da planta 0 da zona de despachos da ETSEM formado por varios contenedores para destrución e reciclaxe de documentación no que podían tirar papel, carpetas, subcarpetas, cartulinas, portafolios, CDs, DVDs, etc.....; a empresa Integraldata garante a total confidencialidade e seguridade no proceso.
- A Dirección asistiu o 11 de febreiro a presentación do programa de Avaliación da Actividade Docente do Profesorado DOCENTIA da ANECA, vinculado directamente aos seus programas ACREDITA, ACREDITA PLUS e ACADEMIA:

<http://www.aneca.es/Programas/DOCENTIA>

estando dispoñible para a consulta a documentación da súa aplicación na UVigo na páxina web da Área de Calidade

[http://calidade.uvigo.es/opencms/export/sites/calidade/calidade\\_gl/documentos/Programa\\_Docentia.pdf](http://calidade.uvigo.es/opencms/export/sites/calidade/calidade_gl/documentos/Programa_Docentia.pdf)

A valoración anual obrigatoria analiza a actividade docente realizada do último curso académico comezou xa co inicio do procedemento para recadar a información asociada ao programa, que fará as veces do antigo Programa VAD da UVigo. A valoración quinquenal voluntaria individual do profesorado ten previsto convocarse ao longo deste ano. A Dirección anima ao profesorado do centro a participar nas convocatorias voluntarias quinquenais que benefician á Escola e á Universidade. O manual pode consultarse na web da Área de Calidade:

[http://calidade.uvigo.es/calidade\\_gl/profesorado/docentia/documentacion/](http://calidade.uvigo.es/calidade_gl/profesorado/docentia/documentacion/)

- Leváronse a cabo diversas actuacións de mellora na web da Escola. O espazo virtual de Curso Cero dos graos do centro foi migrado a html5 para facilitar o acceso, non só empregando un ordenador, senón tamén tablets e smartphones. O enlace á nova versión é:

<http://etseminas.uvigo.es/cursocerominas/cms/>



A Dirección agradece a colaboración do profesorado de primeiro na revisión e actualización, de selo caso, dos contidos.

Actualizáronse os datos do profesorado no segundo cuadrimestre do curso 2015-2016 que figuran na web da nosa Escola. Prégase a todo o profesorado con docencia na E.T.S.E. de Minas que comprobe se os datos publicados no seu perfil, son correctos:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?profesores>

e envíen aquelas modificacións necesarias, por exemplo actualizacións de titorias e CVs, ao Negociado do centro [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)

Na web do centro creouse un novo apartado coa información do seguimento do título do Máster Universitario en Enxeñaría de Minas, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?muem>

Tamén actualizáronse os enlaces a entidades que ofertan bolsas e becas relacionadas cos títulos do centro nos apartados correspondentes, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?id=8>

Finalmente, rematados os primeiros traballos de accesibilidade da web, realizouse unha análise do sitio fronte aos requisitos de accesibilidade A. Os resultados foron obtidos seguindo as Web Content Accessibility Guidelines (WCAG) 2.0. Estes están baseados na verificación automática só de ficheiros (X)HTML e polo tanto só cobren un subconxunto dos requisitos WCAG 2.0.

+info: <http://checkers.eiii.eu/en/pagecheck2.0/>

Creouse un apartado explicativo na web do centro, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?accesibilidade>

Recentemente comezaron os traballos para acadar a corto prazo a certificación AA de accesibilidade da web do centro, requisito legal que deben cumprir as webs das administracións públicas. Isto supón inevitablemente a adaptación ao phpwmcs (xestor de contidos) e o cambio de deseño da mesma, xa que moitos elementos antigos non son adaptables se non se acomete esta tarefa.

No apartado Descargas de Libros Editados pola ETSEM:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?libros-1>

actualizouse a información do último libro editado pola ETSEM “Traballos Fin de Grao. Prácticas en Empresas 2013-2014, 2014-2015” (ISBN 978-84-8158-699-2). O texto completo pode solicitarse en formato pdf no enderezo [xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es). Unha selección do mesmo pode consultarse no seguinte enlace:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/download.php?f=9791d7d037838b1d35936adc76567417&target=0>



- Enviáronse diversos avisos sobre o proceso de renovación de acreditación dos graos do centro cunha visita prevista para os días 7 e 8 de marzo. As materias seleccionadas pola comisión foron (Grao EE) Informática: Estatística, Xeomática e Enxeñaría de sistemas e control, (Grao ERME) Física I, Electrotecnia e Cartografía temática e Teledetección. A Dirección agradece a colaboración do profesorado implicado. Ademais doutras reunións, a axenda da visita contempla unha audiencia pública, prevista para o martes, 8 de marzo, de 11:00 horas a 11:30 horas, na Sala de Xuntas do módulo de Dirección. Se algún membro da comunidade do centro (PDI, ESTUDANTE ou PAS) está interesado en asistir a esta reunión debe enviar un e-mail a este mesmo enderezo electrónico ([xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)) para confirmar a súa participación en dita audiencia. Enviouse un correo ás listas do centro e colocáronse diversos carteis informativos ao respecto.

A información actualizada do proceso pode consultarse no apartado correspondente da web da Escola, por exemplo en galego:

<http://etseminas.uvigo.es/cms/index.php?acreditacion-de-titulos-1>

Neste contexto tamén colocáronse diversos carteis sobre a actividade na ETSEM co seguinte texto:

### O noso lugar de aprendizaxe

Cando entres neste recinto para aprender, *elixe* por favor a actitude de facer que hoxe sexa un gran día. O alumnado, o profesorado, o persoal de administración e servizo e ti mesmo o agradeceran. Atopa as maneiras de *participar*. Está atento para poder *estar presente* cando máis o necesite o resto. E si sentes que che falta enerxía, proba este remedio: busca unha persoa que precise axuda, unha palabra de apoio ou sentirse escoitada, e *alégralle* o día.

Texto adaptado de Fish! (Lundin, Paul e Christensen)

Esta tarefas loxísticas e de organización foron coordinadas na ETSEM esencialmente pola Secretaria Natalia Caparrini Marín co apoio da Xefa do Negociado M<sup>a</sup> Carmen Romo Pérez, ás cales a Dirección agradece o traballo realizado. A Dirección quere agradecer a colaboración que se está a prestar a comunidade da ETSEM e a Área de Calidade neste proceso de renovación da acreditación dos graos do centro.

- Promovido polas Escolas do ámbito tecnolóxico do campus de Vigo (Industriais, Telecomunicación e Minas) e grazas ao apoio da Universidade recentemente asinou un convenio Campus con Mathworks para dispoñer de Matlab en calquera das plataformas/sistemas. Durante a duración deste convenio, calquera membro da comunidade universitaria pode dispoñer dunha licenza completa de dito software para o seu uso con fins educativos. Achegouse un correo o procedemento a seguir para dispor dunha licenza para uso nos equipos persoais. Este uso pódese facer tanto dentro como fora das Escolas.



- A UVigoTV publicou o vídeo: "Enerxía, Materiais e Medio ambiente: no horizonte" realizado durante a Semana da Ciencia 2015:

<http://tv.uvigo.es/gl/serial/2568.html#28477>

- Remataron os traballos de acolchado da aula M213, instalación de mobles auxiliares nas aulas para gardar material docente, instalación de proxectores en laboratorios e de dúas novas pantallas de información ao público nas plantas -1 e 0. Tamén tense ampliado o número de ubicacións con acceso mediante sensor biométrico, e agora son as seguintes aulas: M106 (201) (gravación de clases), M212, M213, Cero, Grao e Videoconferencia. Na páxina web do SIATEC, están os formularios necesarios para solicitar o acceso a ditos espazos:

<http://siatec.webs.uvigo.es>

Esta tarefas foron coordinadas na ETSEM esencialmente polo Subdirector David Patiño Vilas co apoio do Técnico Informático do ámbito tecnolóxico José Luis Ríos Beis, aos cales a Dirección agradece o traballo realizado.

- A Dirección participou no curso "Competencias transversais para o desenvolvemento persoal e profesional", formación encamiñada esencialmente a presentar aos equipos directivos e decanais da Universidade de Vigo o Programa de Mentorización do Plan de Acción Titorial da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación que leva funcionando con éxito desde hai anos e poder exportalo ao outros centros. Coa confianza de que no futuro ese Programa poida ser implantado na ETSEM a coordinadora do PAT da ETSEM, a profesora Ángeles Saavedra, participa agora no curso de formación de mentores continuación do primeiro. A Dirección agradece a súa participación. O curso ten como obxectivo xerar unha rede nos centros da UVigo de persoas formadoras de mentores/as estudantes e proporcionar formación máis específica en competencias, mentoría e implantación de programas de mentoría.
- A Dirección e a Secretaria da ETSEM reuníronse o 17 de febreiro con representantes de ACLUXEGA para coordinar a organización de diversos cursos de formación conxuntos a realizar na ETSEM no 2016 e a participación da ETSEM no stand de ACLUXEGA na Feira da Enerxía de Galicia que se celebrará do 14 ao 16 de abril de 2016 en Silleda.
- A Subdirectora Carmen Pérez Pérez participou o 19 de febreiro nunha mesa de orientación universitaria con representantes da ETSI de Camiños, Canais e Portos (UDC) e a EEI (UVigo) na V Edición do Salón de Oferta de Educación e Formación de Galicia (EDUGAL) en Pontevedra. A Dirección agradece o traballo realizado e a invitación cursada por o responsable das mesas, o profesor Fernando Cerdeira Pérez (Subdirector de alumnado na EEI).
- A ETSEM participa do 28 de febreiro ao 6 de marzo na Feira de Minerais de Santiago de Compostela enviando a súa exposición de Recursos Naturais de Galicia.



Centro certificado  
FIDES-AUDIT

Rúa Maxwell  
Campus de Vigo  
36310 Vigo  
España

Tel. 986 812 205  
Fax 986 811 924

<http://etseminas.uvigo.es/>  
[xnaxm@uvigo.es](mailto:xnaxm@uvigo.es)



- A Biblioteca ofertará de novo na ETSEM o curso virtual “Busca e xestión da información para o TFG” para o alumnado matriculado no TFG sendo a coordinadora a profesora Itziar Goicoetchea. A Dirección agradece a colaboración coa Escola.
- Aprobouse na Comisión Permanente do 22 de xaneiro o Curso de Formación Complementaria “Redacción de informes de avaliación de edificios” codirixido polo profesor Faustino Patiño Cambeiro e o profesor José Ignacio Armesto Quiroga o cal é agradecido por a Dirección.
- O 21 de xaneiro tivo lugar unha charla informativa sobre o Traballo Fin de Grao impartida polo Subdirector David Patiño Vilas. Orientada esencialmente, aínda que non en exclusiva, ao alumnado de 4º que actualmente está matriculado nesta materia, ten como obxectivo lembrar aos alumnos os trámites e xestións que deben levar a cabo durante a realización do TFG.
- De acordo co "Procedemento para o seguimento e control da docencia (R2 - DO0103)", aprobado en Xunta de Escola o 6 de outubro de 2015, rematado o primeiro cuatrimestre e antes de comezar o segundo levouse a cabo un control de rexistro de docencia na ETSEM facilitado polo novo rexistro informático nas aulas da ETSEM. As solicitudes de alegacións enviadas ao profesorado no caso de discrepancias deficitarias entre impartición e POD de máis dun 10%, algunhas por mala coordinación no proceso de recollida de partes en papel en laboratorios EEI-ETSEM (a Dirección pide desculpas por elo) foron respondidas axeitadamente e non constará finalmente ningunha incidencia. Recórdase ao profesorado que pode levar un seguimento da impartición da súa docencia mediante os correos que xera a aplicación informática. Este traballo foi coordinado pola Subdirectora María Araújo Fernández á cal a Dirección agradece o traballo realizado. A mesma enviou no seu día ás listas do profesorado do centro un agradecemento polo bo uso da aplicación informática, recordando a necesidade de seguir empregando o mesmo no segundo cuatrimestre.
- Para os próximos números das revistas ENTIBA e Industria e Minería, editadas respectivamente por o Colexio Oficial de Enxeñeiros de Minas do Noroeste de España e o Consello Superior de Enxeñeiros de Minas de España, enviáronse catro artigos relacionados coa actividade recente na ETSEM: acto Graduación 2015, Semana da Ciencia 2015, Curso de Introducción ás Perforacións Xeotérmicas e actos Santa Bárbara 2015.
- A ETSE de Minas colabora coa iniciativa “Ciencia en Movimiento” desde finais do ano 2015, un museo científico itinerante para alumnado de secundaria e bacharelato que divulga a Ciencia e ao mesmo tempo serve de promoción da titulación. A día de hoxe tense que visitado quince centros de ensino.
- En colaboración coa Asociación Española para o Ensino das Ciencias da Terra a ETSEM acolleu, o 17 de febreiro, 96 alumnos e alumnas de secundaria e bacharelato de 8 centros de ensino da provincia de Pontevedra que participaron na Fase Territorial





da VII Olimpíada de Xeoloxía. A actividade foi coordinada no centro pola profesora Natalia Caparrini Marín e contou coa colaboración de membros do Grupo de Xeotecnoloxías Aplicadas nos distintos talleres realizados para o alumnado visitantes. A Dirección agradece o traballo realizado. Véxase por exemplo a información aparecida no DUVI:

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=10838&Itemid=43](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10838&Itemid=43)

[http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com\\_content&task=view&id=10953&Itemid=61](http://duvi.uvigo.es/index.php?option=com_content&task=view&id=10953&Itemid=61)

- Enviouse un correo ás listas de alumnado para que as persoas interesadas envíen ao Negociado o seu CV para ser remitido á Aula Repsol de A Coruña e poder participar no proceso de selección de prácticas en REPSOL-Coruña 2016. O prazo de envío remata o 10 de marzo.
- O 29 de febreiro a Dirección reuniuse con Xavier Martínez Cobas, Comisionado de Plans Estratéxicos da UVigo, onde recibiu información do Contrato Programa para o ano 2016, que xustifica en parte o presuposto asignado para a ETSEM. A Escola supera o cumprimento dos criterios de financiamento por obxectivos (% éxito 105,29%) pero está penalizada por criterios de tamaño de centro que teñen moito máis peso porcentual: somos un centro produtivo pero pequeno. Iso supón unha diminución do presuposto para o 2016 (127331€) de aproximadamente un 5.53% respecto ao ano 2015 (134792€). Unha vez retraídas as cantidades similares ás do 2015 nos conceptos, por exemplo, de mantemento do centro e subministros administrativos que xestiona como todos os anos a Administradora do Centro, o resultado supón unha diminución no dispoñible do centro de aproximadamente un 11% respecto ao ano pasado. A UVigo consciente diso aporta a maiores 2000€ a centros como o noso este ano. A Dirección entende que a distribución de ese presuposto 2016 terá que ser aprobada logo de resolverse o proceso electoral en curso.
- Do 2 ao 4 de marzo celébrase nas Escolas do ámbito tecnolóxico o Foro Tecnolóxico de Emprego, un evento exemplar organizado polo alumnado das Escolas de Enxeñaría Industrial, de Telecomunicación e de Minas lugar de encontro da Universidade e as Empresas, nas nosas Escolas. Unha mostra do importante que é a colaboración e cooperación entre Escolas e da excelente preparación dos nosos titulados. Diverso profesorado da ETSEM enviou información sobre os grupos de investigación aos cales pertencen para ser publicada na revista do evento: Carmen Pérez, Pedro Arias, David Patiño e Javier Taboada. A Dirección agradece o traballo realizado.
- Diverso profesorado da ETSEM colabora na organización da 10th International Symposium on Electrochemical Impedance Spectroscopy:

<http://eis10th.webs.uvigo.es/>

e conta patrocinio da Cámara Oficial Mineira de Galicia. Na páxina web do centro figura agora un banner específico. A Dirección agradece estas iniciativas que visibilizan na sociedade á ETSE de Minas.



- O Centro de Transfusión de Galicia inicia a 2ª fase da campaña de doazón de sangue. A unidade móbil de doazón de sangue acudirá ao noso centro os vindeiros 8 e 9 de marzo (martes e mércores) desde as 9:30 ás 14:30 e desde as 15:30 ás 21:00 horas, polo que se solicita a máxima colaboración.
- O Consello de Goberno na súa sesión do 21 de decembro aprobou por asentimento con dúas abstencións o inicio do expediente de cambio de denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas polo de Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía:

[http://secxeral.uvigo.es/secxeral\\_gl/organos/consello/actas/](http://secxeral.uvigo.es/secxeral_gl/organos/consello/actas/)

O 29 de decembro o Pleno do Consello Social da Universidade de Vigo acordou emitir informe favorable ao cambio de denominación da ETSEM por EEME (no escrito indica que acta da sesión está pendente de aprobación). Logo a Escola de Enxeñaría Industrial en Xunta de Escola do 5 de Febreiro (acta pendente de aprobación) acordou, segundo comunicación do secretario da EEI á Dirección da ETSEM, *“Apoiar a postura contraria á modificación da denominación da Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Minas, postura expresada polo Ilustre Colexio Oficial e Enxeñeiros Industriais de Galicia e polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo. Acórdase a proposta 1 por 14 votos a favor, 7 votos en contra, 15 votos en branco, e 34 abstencións” e Presentar a suxestión de denominación alternativa “Escola de Enxeñaría de Minas e Recursos Enerxéticos”. Acórdase a proposta 2 por 20 votos a favor, 4 votos en contra, 13 votos en branco, e 33 abstencións.*

